

**ASUNTO: DESESTIMACION RECURSO REPOSICIÓN MARCOS CENDON DOMINGUEZ**

En relación co escrito presentado por MARCOS CENDON DOMINGUEZ, con data 11/02/2021, con base nos seguintes:

**Feitos**

1º.- Por resolución da Alcaldía de data 09/02/2021 procedeuse á aprobación da lista definitiva de admitidos e excluídos do proceso selectivo convocado polo Concello de Monforte de Lemos para a provisión, en propiedade, de tres prazas de axente da Policía Local.

2º.- Na citada resolución sinalábase como data de celebración do primeiro exercicio do proceso selectivo o día 26 de febreiro de 2021, ás 10.00 horas.

3º.- Con data 11 de febreiro de 2021, don MARCOS CENDON DOMINGUEZ, presenta solicitude contra a Resolución citada no apartado anterior no que, en síntese manifesta a improcedencia da convocatoria para o citado día 26 de febreiro de 2021, do primeiro exercicio, xa que ese mesmo a AGASP, convocou para a realización do primeiro exercicio do procedemento selectivo, na convocatoria unitaria. Tamen solicita ser admitido alegando que o certificado médico aportado por el se axusta ás bases da convocatoria.

**CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS**

Primeira.- En cantou á exclusión definitiva do aspirante, visto o informe da Técnico de Administración Xeral de Secretaria, que indica:

*"Segundo.- No tócate á súa exclusión ó aspirante indica no seu recurso que o certificado pro el presentado se axusta as bases do procedemento.*

*Ó respecto, comezaremos por dicir que xa en data 04/11/2020 se pendurou na web municipal no apartado deste proceso selectivo una nota aclaratoria do contido que se esixía ó certificado médico esixido.*

*Posteriormente , logo da publicación da lista provisional esta TAX publicou outra nota aclaratoria da forma de proceder para subsanar cada unha das deficiencias que se atoparon nas solicitudes, na que se insistía no feito de que os aspirantes debían aterse ós textos literais indicados pois de subsanar incorrectamente quedarían excluídos definitivamente do proceso selectivo.*

*O aspirante indica que o seu certificado se axusta as bases, pero o é que non se pode facer é unha lectura das bases parcial e desconectada da súa totalidade en apoio de intereses particulares de quen desexa ser admitido o proceso selectivo, senón que as bases deben ser entendidas como a norma reguladora do procedemento selectivo, como un todo a interpretar, ó igual que o restante ordenamento xurídico de xeito conxunto e sistemático. Pois así o indica o artigo 3.1 do noso Código Civil ó dispor:*

*"Artículo 3*



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E50006C20800P9Q215X9V0V2 en la Sede Electrónica de la Entidad

**FIRMANTE - FECHA**

JOSE TOME ROCA-Alcalde-Presidente - 18/02/2021  
JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 18/02/2021  
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 18/02/2021 15:17:31

DECRETO: 2021000240  
Fecha: 18/02/2021  
Hora: 15:17  
Persona 76561868C

CSV: 07E50006C20900L9P6P6E9L4D6





1. *Las normas se interpretarán según el sentido propio de sus palabras, en relación con el contexto, los antecedentes históricos y legislativos y la realidad social del tiempo en que han de ser aplicadas, atendiendo fundamentalmente al espíritu y finalidad de aquellas.*"

*En relación a isto destacar que as bases reguladoras do proceso que nos ocupa indican no seu comezo:*

**I-NORMAS XERAIS**

*"As probas selectivas rexeranse polo previsto nestas bases e polo disposto no RD Lei 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, na lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policía locais, Decreto 243/2008, de 16 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policía locais e a Orde de 28 de xaneiro de 2009 pola que se determinan as probas de selección, temarios e baremos de méritos para o ingreso, promoción interna e mobilidade nos corpos de policía locais..., na Lei 30/84, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, Lei 5/1997, do 22 de Xullo, de Administración Local de Galicia, Decreto 896/1991, do 7 de xuño, regras básicas e programa mínimos e R.D. 95/1991, do 20 de marzo, da Comunidade Autónoma de Galicia pola que se aproba o regulamento de selección de persoal e, supletoriamente, o Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso de persoal ó servizo da Administración Xeral do Estado e demais lexislación concordante que sexa de aplicación."*

*De modo que xa elas mesmas proclaman a súa interpretación á vista da normativa aplicable.*

*A maior abastanza compre sinalar que a esixencia do certificado médico que nos ocupa ben determinada polo artigo 21.1 h) do Decreto 243/2008, de 16 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policía locais cunha redacción idéntica a das bases da convocatoria, sen embargo a xuízo desta técnico o espírito e finalidade de dita norma non pode ser outro que o de garantir que os aspirantes poden realizar as distintas probas físicas sen perigo para a súa saúde.*

*Finalidade que non cumpren aqueles certificado xenéricos que non fan referencia a que se aspira a unha praza de policía local na comunidade autónoma de Galicia e que polo tanto denotan o coñecemento polo facultativo que os asina das concretas probas físicas que terá que realizar o aspirante, pois estas poden variar nas distintas regulacións autonómicas.*


*Por último non pode deixar de reiterar esta Técnico que que no seu afán de facilitar a presentación dun certificado médico correcto informou a través da web municipal en dúas ocasións da forma que debería ter o mesmo, así como se atendeu telefonicamente a todo aquel aspirante que solicitou información.*

*Polo exposto, procede propor á alcaldía a desestimación do recurso de reposición que nos ocupa, no tócate a exclusión definitiva do aspirante."*



FIRMANTE - FECHA		DECRETO: 2021000240
JOSE TOME ROCA-Alcalde-Presidente - 18/02/2021	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 18/02/2021	Fecha: 18/02/2021
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 18/02/2021 15:17:31		Hora: 15:17
		Persona 76561868C





Segunda.- O principio de autonomía das entidades locais está recollido no art. 140 da Constitución Española de 1978 que establece que: "A Constitución garantiza a autonomía dos municipios. Estes gozarán de personalidade xurídica plena.

Terceira.- Na determinación da data de exame respectouse o establecido na normativa de aplicación, en concreto o disposto para eses procesos no Artigo 32. Principios do sistema de selección da Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policía locais de Galicia, no art. 15 do Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado e, en fin, no Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local.

Cuarta.- A determinación da data de exame non vulnera os principios básicos de acceso ao emprego público recolleitos no Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e na Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.

En ningún destes textos normativos establécese limitación algunha en canto á determinación do día e da hora a celebrar os exames para o ingreso na función pública, fixándose dita data, unicamente, en función das necesidades e disponibilidades do Concello de Monforte de Lemos, respectándose, en todo caso, os dereitos dos opositores.

Quinta.- O artigo 11 do decreto 243/2008, de 16 de outubro, polo que se desenrola a Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policía locais dispón sobre a "relación de aspirantes admitidos e excluídos" que:

*"1. Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, y despois de comprobadas as mesmas, o órgano convocante ditará resolución pola que se declara aprobada a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as, coas causas que motivaron a exclusión.*

*2. Esta resolución deberá facerse pública no lugar que se determine nas bases tendo en conta o apartado c) do artigo anterior, e tamén no BOP indicando con este caso o lugar no que se podan atopar as listas expostas ao coñecemento público, e concedendo dez días hábiles de prazo para que os excluídos/as podan subsanar erros e presentar nova documentación.*

*3. Transcorrido o prazo anterior, O ÓRGANO CONVOCANTE, ditará nova resolución pola que aprobará a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as ao proceso selectivo correspondente, fixando o lugar e a data de comezo das probas".*

Por todo o exposto e en virtude das atribucións que me confire o art. 21 apartado a da Lei 7/1985, de 2 de abril, das bases do réxime local e o art. 61 da lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia,

DISPOÑO:

CSV: 07E50006C20900L9P6PE9L4D6




La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E50006C20900P9Q2I5X9V0V2 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JOSE TOME ROCA-Alcalde-Presidente - 18/02/2021  
JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 18/02/2021  
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 18/02/2021 15:17:31

DECRETO: 2021000240  
Fecha: 18/02/2021  
Hora: 15:17  
Persona 76561868C





Desestimar ó recurso de reposición presentado por don MARCOS CENDON DOMINGUEZ, contra o Decreto da Alcaldía de data 09/02/2021, polo que se procedeu á aprobación da lista definitiva de admitidos e excluídos, nomeamento do tribunal e determinación da data, hora e lugar de celebración das probas selectivas para a provisión, en propiedade de tres prazas de axentes da policía local de Concello de Monforte de Lemos.

MONFORTE DE LEMOS, data da sinatura do Sr. Alcalde  
Ordena e asina o Sr. Alcalde  
Certifica e asina o Sr. Secretario

CSV: 07E50006C20800L9P6P0E9L4D6



DOCUMENTO  
FIRMADO  
DIGITALMENTE  
La autenticidad de este documento  
se puede comprobar con el código  
07E50006C20800P9Q2I5X9V0V2  
en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JOSE TOME ROCA-Alcalde-Presidente - 18/02/2021  
JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 18/02/2021  
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración  
Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 18/02/2021 15:17:31

DECRETO: 2021000240  
Fecha: 18/02/2021  
Hora: 15:17  
Persona 76561868C

